

ACTA N° 49/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 16 de novembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 46/09, do 26/10/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 189/09 – D.^a MARÍA DE LAS MERCEDES ACEVEDO DEL RÍO**, presenta proxecto básico e de execución para construción dunha vivenda unifamiliar, situada na costa-domaio, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo estudo de arquitectura JH. ARKMO, visado na data 21.08.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de novembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN PARA UNIFAMILIAR
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta sendas acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con datas de 24 de setembro de 2009 para solo urbano de Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Cumple coas Normas do Habitat de Galicia.

Cédense 13,30M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 682,80 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela según medición técnica ascende a 332,00 M/2

No expediente consta o estudo básico de seguridade esaude.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	2.841,42 €
Taxas licenza urbanística.....	355,18 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexións sumidoiros	180,00 €

3.- LICENZAS DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

3.A) EXPTE. 207/09 – LA SUITTE, C.B., representada por D^a Pamela Chapela Cordero, presenta proxecto de acondicionamento de local para venda de artigos de regalo, a situar na rúa Concepción Arenal, núm. 106, do barrio da Praia-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 16.10.02009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de novembro de 2009, que literalmente di:

EXP. OBRAS:207/09

EXP. APERTURA:32/09

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA ARTIGOS DE REGALO

INFORME:

Procede licenza de obras e actividade destinada a **tenda de artigos de regalo** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de Xúño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxero duna soa resolución, sin perxucio da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servicios municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	279,91 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita LA SUITTE, C.B. para a actividade de TENDA DE ARTIGOS DE REGALO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO

que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

3.B) EXPTE. 151/09 – BODEGAS COSTAS, C.B. representada por D. Juan Pena Costas, presenta proxecto de acondicionamento de local e implantación de actividade para destilería artesanal de augardente, a situar na Avenida de Marín, do barrio de Quintela, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señorís González, visado o día 13.07.2009,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 10 de novembro de 2009, que literalmente di:

EXP. OBRAS:151/09

EXP. APERTURA:20/09

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE PARA DESTILERÍA ARTESANAL DE AUGARDENTE.

INFORME: **Procede licenza de obras e actividade** destinada a **destilería artesanal de augardente** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do Artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo o proxecto presentado, a edificación dun inmueble se destinará a establecemento de características determinadas, non se otorgará a licenza de obras sin o otorgamento da licenza de apertura si fose procedente.

Abondando an cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 da lei 9/2002, reformada pola lei 15/2004 de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e , ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sin perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN. SS de Planeamento municipal resulta compatible.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade

Dado a existencia de informes sectoriais de outras administracións concurrentes no espazo do expediente de actividade e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, resolta a tramitación da actividade deste expediente débese outorgar licenza conxuntamente coa licenza urbanística de obras.

Rematadas as obras deberá presentar o certificado final de obra do facultativo encargado das mesmas; os servicios municipais supervisarán a instalación antes da posta en funcionamento e apertura da instalación.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción.....	249,78 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita BODEGAS COSTAS, C.B. para a actividade de DESTILERÍA ARTESANAL DE AUGARDENTE.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE PARA A DESTILACIÓN ARTESANAL DE AUGARDENTE. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

4.A) D. JESÚS RÍOS SOLLA, por escrito con entrada no Concello o día 8 de outubro de 2009, SOLICITA licenza de primeira ocupación para o expediente de obra 106/2006 [construción de dúas vivendas unifamiliares, concedida pola XGL en sesión de data 09.02.2007].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 6 de novembro de 2009 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 106/06

FEITOS:

Jesús Ríos Solla, presenta no Rexistro xeral deste Concello o día 08 de outubro de 2009, co número de entrada 7819, unha solicitude de licenza de primeira ocupación para dúas vivendas unifamiliares, situadas no barrio de Moureira – Meira, que contan con licenza municipal de obras expediente núm. 106/2006.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado pola arquitecta técnica D^a Susana Fernández Cobián o día 19 de decembro do de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 29 de decembro de 2008; asinado pola arquitecta D^a María Dolores Blanco Pouso o día 19 de decembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de decembro de 2008.
- Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Copia do acordo de concesión de Licenza de obra para o expediente núm. 106/06 e copia do recibo de pago das taxas da licenza de obra.

Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 260,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para 2 vivendas unifamiliares, dimanantes da licenza en Expte. nº 106/2006, ao seu promotor D. JESÚS RÍOS SOLLA, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

4.B) D.^a ROSA MARTÍNEZ BARREIRO, por escrito con entrada no Concello o día 1 de outubro de 2009, SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de sotos, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para garaxes, locais comerciais, 8 vivendas e 5 duplex situado no Plan Plarcial “Rosal Sur” – parcelas IV – VII (segunda etapa), con nº de expediente 152/06 [concedida pola XGL en sesión de data 26.02.2007].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 10 de novembro de 2009 que di:

INFORME TÉCNICO SOBRE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE OBRA 152/06

FEITOS:

Cordeiro, S.L, representada por D.^a Rosa Martínez Barreiro, presenta no Rexistro xeral deste Concello o día 01 de outubro de 2009, co número de entrada 7557, unha solicitude de licenza de primeira ocupación para edificio de sotos, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para garaxes **-8 vivendas e 5 dúplex e 5 locais**, sito no Plan Parcial “Rosal Sur” – Parcelas IV-VII (segunda etapa), que conta coa licenza municipal de obras expediente núm. 152/06..

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

A revisión e adaptación das Normas subsidiarias de planeamento municipal de Moaña, na que se sustenta para emitir a seguinte información, foron aprobadas definitivamente polo concello en sesión plenaria do cinco de febreiro de 1996, publicándose no BOP número 103, do vinte e nove de maio de 1996.

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 28 de agosto de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 08 de setembro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 28 de agosto de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 25 de setembro de 2009.
- Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Plano núm 5 do estado final das obras, asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de novembro de 2009.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.
- Copia do acordo de concesión de Licenza de obra para o expediente núm. 152/06.

Unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento **procede informar favorablemente** a solicitude de Licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 1.710,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para 8 vivendas, 5 dúplex e 5 locais comerciais dimanantes da licenza en Expte. nº 152/2006, á súa promotora CORDEIRO,

S.L., representada por D.^a Rosa Martínez Barreiro, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS

Dáse conta que na resolución núm. 636/09, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno en canto ao recoñecemento da obriga, motivada pola urxencia que tiña a realización dunha ordenación de pagamentos (á asesoría La Social, pola publicación de anuncio no BOP, e á empresa prestadora do servizo de axuda a domicilio).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

6.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamentoo das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	Subministro elementos habilitación parques infantís	HPC Ibérica, S.A.	5110 61112 RC 1775	13.320,16 €
SERVIZOS	Subministro elementos habilitación parques infantís	HPC Ibérica, S.A.	5110 61112 RC 1774	1990,56 €
CULTURA	Agasallos para certame coral Santa Cecilia	Río da Ribeira MACBIL, SL	4510 22601 RC 1769	120,06 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito que para eses gastos se efectuou nas partidas reflectidas na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.B) PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a centro cultural (Ramón Cabanillas - O Real).

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica e consumo de auga, as seguintes facturas:

Unión Fenosa Metra, S.L. 2409091204462 5,93 euros.

Unión Fenosa Metra, S.L. 2409102188234 11,58 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de **MANUEL SANTOME GESTIDO**, por importe de 17,51 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida orzamentaria 4510 22100, correspondente ao período 250809 a 231009..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 17,51 euros a **MANUEL SANTOME GESTIDO MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica centro cultural Ramón Cabanillas período 250809 A 231009, con cargo a partida 4510 22100. RC 1771.

6.C) PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de novembro de 2009 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de auga, a seguinte factura:

AQUALIA, S.A. P0020160 17,39 euros..

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.**, por importe de 17,39 euros, en concepto de gastos de consumo de auga con cargo á partida orzamentaria 3130 22109, correspondente ao período 3º trimestre de 2009-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 17,39 euros en concepto de consumo de auga clube xubilados de Meira, período 3º trimestre de 2009, con cargo á partida orzamentaria 3130 22109, RC 1772.

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprobe a relación de facturas nº 175 presentada pola Intervención municipal de data 9 de novembro de 2009, informada favorablemente pola Comisión de Facenda do 10 de novembro de 2009, por importe de 54.832,22 euros, relación que comeza pola factura de KOPIAK MOAÑA, S.L., polo importe de 167,84 euros e remata coa factura RÚA RUA, F. David, polo importe de 162,84 euros, e que está integrada polos anexos:

- Anexo I: gastos que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos que contan con retención de crédito e proposta de gasto.
- Anexo III: gastos que non contan con tramitación contable,

4944	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4510 22000	167,84
6920	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	5110 22104	211,12
98	NINGURES PRODUCCION, S.L.	4510 22608	3.500,00
47	TITZINA TEATRE, S.L.	4510 22608	4.524,00
6924	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	5110 22104	692,17
6	A.S.C. ENREDOS	4510 22608	2.142,85
22	ARTEPLAN GALICIA, S.L.	4320 62700	20.000,00
821957	ASCENSORES ENOR, S.A.	1210 21300	926,34
721	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	2220 22700	16,00
6923	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	7510 22109	29,58
6913	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2220 22109	313,20
6926	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	5110 22104	1.853,68
6914	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2220 22104	341,04
6917	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2220 22104	1.735,36
182	RUA RUA, F. David	4320 22111	162,45
186	RUA RUA, F. David	4320 22111	324,89
187	RUA RUA, F. David	1210 22602	104,40
181	RUA RUA, F. David	4320 22111	162,45
185	RUA RUA, F. David	4320 22111	108,30
184	RUA RUA, F. David	4320 22111	108,30
8676	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22000	174,03
8675	PAZ DISMAC, S.L.	1210 22000	182,42
7847	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	130,50
7513	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	129,60
7708	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	130,50
7584	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	81,00
571	MONTES COSTAL, Maria Luz	4430 22108	100,57
531	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	150,01
532	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	218,35
533	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	629,58
534	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	865,39

536	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	124,63
535	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	144,59
537	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	328,08
539	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	59,25
538	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	265,18
540	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	615,86
541	MONTES COSTAL, Maria Luz	4120 22108	39,31
543	MONTES COSTAL, Maria Luz	4511 22108	67,23
542	MONTES COSTAL, Maria Luz	4510 22108	24,46
544	MONTES COSTAL, Maria Luz	4421 22108	253,02
545	MONTES COSTAL, Maria Luz	2220 22109	131,34
546	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	245,99
547	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	341,75
548	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22108	131,49
549	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	88,07
550	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	133,80
552	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	55,41
553	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	114,25
554	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	172,96
557	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	94,52
565	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	61,94
205	PIÑEIRO LEMOS, Maria del Pilar	4520 22601	307,40
77	PUBLISAN MORRAZO, S.L.	4520 22601	115,71
733	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	2220 22700	16,00
2220	VIVEIROS ADOA, S.L.	4520 22109	171,74
6922	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2221 21400	208,80
6921	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2221 21400	337,56
4953	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4510 22000	32,35
82346	DOMAIO, F.C.	4520 22100	107,11
880158	S.O. RIAS BAIXAS, S.L.	3130 22003	44,46
1963	CENTRAL DE EFECTOS NAVALES, S.L.	5110 21400	32,13
84276	COMERCIAL SENRA, S.A.	4520 20203	234,32
141	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 21600	316,80
140	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	1210 21600	351,87
76662	DOMAIO, F.C.	4520 22100	71,97
157603	DOMAIO, F.C.	4520 22100	70,43
580	ESYCSA	2220 21300	327,80
533	ESYCSA	2220 21300	356,46
5361	FARO DE VIGO	4320 22001	121,80
205	CHAPELA BARROS, José / Ferret. O Muelle	anexo	97,32
1563	GALISEC, S.L.U.	4511 21200	32,89
49251	GAS NATURAL SERVICIOS, S.A.	4520 22102	96,89
7961	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	2220 22103	471,71
8411	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	4520 22103	927,00
7959	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	2221 22103	576,69

7965	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	2221 22103	40,01
7163	JUCONS GALAICA, S.L.U.	5110 20300	76,56
45	JUNCAL BARROS, Israel / Maikel & Best	4520 22104	243,60
46	JUNCAL BARROS, Israel / Maikel & Best	4520 22601	90,48
382	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	5110 22300	2.905,80
88008	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	3130 22200	62,81
595	ROMERO SOLIÑO, S.L.	5110 22109	934,32
2252	SANCHILAN, S.L.	2221 22103	7,00
143	SANTA CECILIA ESCUDERO, Ana Isabel	1210 22603	198,95
4442	UNION FENOSA METRA, S.L.	1210 22101	25,89
2493	VIVEIROS ADOA, S.L.	4321 22109	683,53
935	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	17,49
484	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	61,89
934	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4513 22000	13,98
933	KOPIAK MOAÑA, S.L.	4320 22000	14,46
932	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3130 22000	31,86
931	KOPIAK MOAÑA, S.L.	6110 22000	118,82
930	KOPIAK MOAÑA, S.L.	1210 22000	6,06
183	RUA RUA, F. David	4320 22111	162,45
TOTAL.....			54.832,22

Visto o informe do interventor do día 10 de novembro de 2009, no que emite reparo porque o total de gasto xa imputado ao orzamento en concepto de prestación de subministro de combustible supera o límite establecido para os contratos menores, e por asumir gastos orixinados por clubs de fútbol ou de xubilados, alleos ao Concello e sen tipo ningún de relación orgánica ou dependencia con el.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo do interventor para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entender que os servizos foron efectivamente executados e por tratarse de bens e instalacións municipais.

Segundo: recoñecer a obriga das facturas relacionadas na **relación número 175**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela.

8.- CERTIFICACIÓN Nº 6 DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 6 da obra “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”, presentada pola empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 30 de outubro de 2009, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 9 de novembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 6 da obra “Humanización do Barrio do Real”, de data 30 de setembro de 2009, polo importe de 67.817,54 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 291395, do 30 de outubro de 2009, de COVSA, S.A. polo importe de 67.817,54 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61120.

9.- CERTIFICACIÓNS Nº 2 DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 2 de data 30 de outubro de 2009, da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 16 de novembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 2 de data 30 de outubro de 2009 por importe de 15.419,53 € da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”.

Segundo: Aprobar a factura de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. nº 183/09, de data 30/10/09, por un importe de 15.419,53 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 4320.60118.

10.- CERTIFICACIÓNS Nº 3, Nº 4 E Nº 5 DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”

Dáse conta das certificacións ordinarias nº 3, nº 4 e nº 5 da obra “Construcción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”, presentadas pola empresa ELITE SPORT S.A., de datas 2 de setembro, 1 de outubro e 2 de novembro respectivamente, asinadas polo director da obra D. José Luís Domínguez González.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 16 de novembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 16 de novembro de 2009, por entender que os defectos de tramitación sinalados non son subsanables, as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 3 de data 2 de setembro de 2009 por importe de 0,00 €, a certificación ordinaria nº 4 de data 1 de outubro de 2009, por

importe de 0,00 €, e a certificación ordinaria nº 5 de data 2 de novembro de 2009 por importe de 141.497,31 €, certificacións da obra “Construcción de dous campos de fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”.

Terceiro: Aprobar a factura nº CA9/20, do 9 de novembro de 2009 por importe de 141.497,31 euros presentada por ELITE SPORT S.A, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62203.

11.- PADRÓN DE VADOS EJERCICIO 2006

En Xunta de Goberno de data 5 de outubro de 2009 aprobouse o padrón de vados do exercicio 2006 do Concello de Moaña, remitido pola ORAL para a súa aprobación, por un importe 24.427 euros.

Remitido escrito da ORAL de data 9 de novembro de 2009 onde se da conta da verificación dun erro de cálculo nas cotas tributarias polo que houbo de procederse a modificación do padrón tendo en conta as fraccións das tarifas, polo que se remitiu ao Concello o padrón cas correccións pertinentes para a súa aprobación polo órgano competente.

Á vista da proposta da Alcaldía de data 10 de novembro de 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Padrón de Vados recificado correspondente ao exercicio 2006, Padrón remitido pola ORAL.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á ORAL, aos efectos de proceder á publicidade do Padrón e o seu posterior cobro.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o Padrón de vados correspondente ao exercicio 2006.

12.- SUBSTITUCIÓN DA BAIXA POR MATERNIDADE DUNHA TRABALLADORA DE COOPERACIÓN LOCAL

Visto o informe emitido pola axente de emprego do Concello de Moaña en relación á substitución da baix por maternidade dunha traballadora de cooperación local contratada como educadora infantil,

Vista a proposta da Alcaldía do 16 de novembro de 2009, que testualmente di:

Á vista da baixa por maternidade da traballadora Dna. M^a Romina Santomé Silva, contratada como educadora infantil no servizo “Atención a Bibliotecas e Comedores Escolares” dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, do contido na comunicación da Consellería de Traballo que acompaña a resolución de subvención desta obra ou servizo, e tendo en conta o informe emitido pola axente de emprego, faise necesario proceder á substitución da traballadora durante a baixa por maternidade de cara a que o servizo non quede

desatendido e non haxa que devolver remanente de subvención non gastada ao final do servizo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a contratación dunha traballadora substituta para cubrir a baixa por maternidade da traballadora Dna. M^a Romina Santomé Silva, contratada como educadora infantil no servizo “Atención a Bibliotecas e Comedores Escolares” dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña.

2º) A persoa a contratar como substituto será a que figure como primeira suplente no procedemento de selección de traballadores de cooperación local realizado no seu día (rematado en data 8 de setembro de 2009) previa comprobación de que mantén a situación de desemprego. Figura como primeira suplente Dna. Isabel Ogando Chapela. No caso de que á primeira suplente non lle interesara o posto ofertado convocárase ao segundo, e así sucesivamente.

3º) O contrato da substituto realizarase baixo a **especialidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, subseccion interinidade. A súa duración será ata a reincorporación da traballadora substituída ou remate do servizo, en data 10 de xuño de 2010.**”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía e substituír así á traballadora D.^a M^a Romina Santomé Silva nos termos reflectidos na proposta, e contratar a D.^a Isabel Ogando Chapela, nas mesmas condicións que a persoa substituída,. O contrato iniciase con data de inicio 19 de novembro de 2009

13.- RECLAMACIÓN DE DANOS DE D. ROBERTO GONZÁLEZ MEIRIÑO

D. Carlos Fontán Domínguez, como mandatario verbal de D. Roberto González Meiriño e da entidade Banco Vitalicio de España CA de seguros y reaseguros, formula reclamación previa por responsabilidade patrimonial das AAPP por danos sufridos no vehículo propiedade do sr. González. Expón que o vehículo foi golpeado por un contedor de recollida de lixo desprazado do seu lugar por motivo do vento, o día 1 de febreiro de 2009, no pk 31.700 da PO-551 en dirección a Rande, conducido con autorización por D.^a María Jessica Álvarez González. Ascende a cantidade reclamada a 693,26 euros. Achega copia da póliza contratada, documentación de propiedade do vehículo, copia do parte da Policía Local, copia do informe de valoración e facturas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación porque os contedores do lixo son responsabilidade da

Mancomunidade de concello do Morrazo e dar traslado do acordo aos interesados e á Mancomunidade.

14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
ANTONIO PARENTE GESTIDO	Saneamento doméstico uso	Couso, 82. Moaña	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
MARÍA YOLANDA RUADA PAZ	Saneamento doméstico uso	Casal, 71 Moaña	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
ELADIA PEREZ PASTORIZA	Saneamento doméstico uso	Porta do Sol, 30. Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
MARÍA DEL CARMEN BOUBETA PIÑEIRO	Saneamento doméstico uso	Ribeira, 169 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
PILAR GONZÁLEZ COSTA	Saneamento doméstico uso	Praia, 49 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.
DIONISIO MORA CASTREJÓN	Saneamento doméstico uso	Isamil, 72 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arquit. Téc. Mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.